



rede galega de concellos pola  
**sostibilidade**

## INTERCAMBIO DE EXPERIENCIAS LOCAIS EN EDUCACIÓN AMBIENTAL

Santiago, 13 de febreiro de 2009

### CONCLUSIONES

#### APOIO:

Os concellos poden e deben ser promotores, negociadores e/ou intermediarios, dada a súa natureza intrínseca de xestores, as súas capacidades e recursos, na posta en práctica de iniciativas medioambientais municipais, asociativas ou privadas.

#### REFLEXIÓN:

Os concellos deben facer unha revisión estratéxica dos seus recursos naturais e paisaxísticas, das súas actividades, das capacidades do seu entorno, para un aproveitamento económico, social e medioambiental óptimo dos mesmos. Toda actividade e todo espazo pode ter asociado unha vertente de xestión ou educación medioambiental, de sensibilización, etc.

#### COMUNICACIÓN:

O coñecemento da realidade económico-social e medioambiental dos concellos veciños ha de permitir propoñer solucións conxuntas a problemas comúns en espazos diversos, sumando esforzos e aforrando recursos económicos e humanos.

#### TRANSFERIBILIDADE:

O intercambio de experiencias con outras entidades permite coñecer iniciativas exitosas que poden ser trasladadas na súa totalidade ao noso concello ou servir de base para o desenvolvemento doutras similares.



## INTEGRACIÓN:

En calquera acción medioambiental que se implemente, a sociedade debe ser protagonista principal, tratando de involucrala o máis posible en cada estadio do proxecto. A satisfacción de ser actores de cambio, fonte de coñecemento, etc. ha de contribuir a unha sólida sensibilización cidadá.

## PERSEVERANCIA:

Non sempre os grandes proxectos van acompañados de grandes resultados no eido da sensibilización e da educación medioambiental. Propoñerse pequenos retos e ilos acadando será, na maioría dos casos, a mellor estratexia para forxar conciencia medioambiental.

